

REGRAS DE ACENTUACIÓN ORTOGRÁFICA

-Palabras **AGUDAS** ou **OXÍTONAS**: a sílaba tónica é a derradeira en pronunciarse e escribirse (mar, romper, condición, marroquí, cantei, partiu, cantou..).

-Palabras **GRAVES** ou **PAROXÍTONAS**: a sílaba tónica é a penúltima en pronunciarse e escribirse (facilmente, lapis, carácter, atmosfera, diocese, mitin, álbum, bíceps, ruído, saúde ...).

-Palabras **ESDRÚXULAS** ou **PROPÁROXÍTONAS**: a sílaba tónica é a antepenúltima en pronunciarse e escribirse (esdrúxula, néboa, lóstrego ...)

CANDO LEVAN ACENTO ORTOGRÁFICO ou GRÁFICO:

1). Levan acento gráfico as palabras **AGUDAS** cando rematan:

- en vogal (abelá, israelí...)
- en consoante “-n” ou “-s” (patín, revés, galáns...).
- grupo consonántico -ns (camións, cancións..., pero robots)

Agás se:

- son palabras monosílabas (fe, foi, pan...)
- teñen na sílaba tónica, seguido ou non de “-s”,
 - un ditongo decrecente (vogal aberta + vogal pechada): cantei, cantou, ademais...
 - un ditongo homoxéneo (vogal pechada+vogal pechada): viviu, partiu...
 - un tritongo (vogal pechada+vogal aberta tónica+vogal pechada): casuais, materiais...

2). Levan acento gráfico as palabras **GRAVES** cando rematan:

- en consoante que non sexa -n ou -s (fácil, álbum, carácter, clímax ...)
- en calquera grupo consonántico que non sexa -ns: -ps (bíceps, tríceps...)...

Os adverbios rematados no sufixo -mente non levan acento gráfico porque son palabras graves rematadas en vogal.

Levarían acento gráfico as palabras graves que rematen nun ditongo decrecente, homoxéneo ou tritongo, seguido ou non de “-s” (“amábeis”)

3). As palabras **ESDRÚXULAS** levan sempre acento gráfico: único, quilómetro, sílaba, táboa, física, mágoa .

Cando as vogais I e U forman un **HIATO** (van xuntas pero en distinta sílaba) levan sempre acento gráfico na vogal tónica : sa-í-da, tí-o, par-tí-a, rú-a, sú-as, ha-bí-a ... A non ser que leven un hache entre as dúas vogais, neste caso seguen as normas de acentuación (pro-hi-bo, ve-hí-cu-lo...)

OLLO:

Tamén poden levar acento gráfico as maiúsculas, os nomes propios e os estranxeirismos adaptados.